

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO**

*ANUNCIO de convocatoria de prazas de persoal laboral fixo correspondentes ás ofertas de emprego público 2022 e 2023.*

A Autoridade Portuaria de Vigo, ao abeiro do establecido no Real decreto 407/2022, do 24 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2022, e no Real decreto 625/2023, do 11 de xullo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2023, realiza convocatoria para cubrir as seguintes prazas de persoal laboral fixo suxeito a convenio colectivo polo procedemento de concurso-oposición:

- 3 prazas de técnico-técnica de económico-financeiro GII BII N6.
- 1 praza de responsable de frota GII BI N8.
- 1 praza de responsable de infraestruturas GII BI N8.

As bases das convocatorias e os impresos de solicitude están dispoñibles na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo [www.apvigo.es](http://www.apvigo.es), na páxina web do organismo público Portos do Estado [www.puertos.es](http://www.puertos.es) e na páxina [www.administracion.gob.es](http://www.administracion.gob.es)

Os/as aspirantes disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), para a presentación de solicitudes.

Vigo, 6 de febreiro de 2024

Carlos Botana Lagarón  
Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

